

Nº Expte.: In408A/2020/76

Denominación do proxecto: **Parque Eólico Meirama-76**

Solicitante/Promotor: Green Stone Renewable IV SL

Situación: Concello de Cerceda e A Laracha (A Coruña)

1 ANTECEDENTES

Con data 28/10/2022 recíbese na Área de Obras e Mantemento da Axencia de Turismo de Galicia a solicitude de informe sobre o Estudo de Impacto Ambiental do Parque Eólico Meirama (76), dentro das competencias da mesma e de acordo co establecido no artigo 33.12 da Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crea o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental, modificada pola Lei 5/2017, do 19 de outubro, de fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galicia e pola Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia; nos artigos 127.2 e 131.1 do Real Decreto 1955/2000, do 1 de decembro, polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica; no artigo 37.2 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental e demais normativa vixente de aplicación.

O Servizo de Enerxía e Minas da Xefatura Territorial da Coruña da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo facilitou a este organismo o acceso á seguinte documentación:

- Estudo de Impacto Ambiental Parque Eólico PE MEIRAMA MODIFICADO Y LEMT 30KV CCS "PE MEIRAMA MODIFICADO" - "SET MEIRAMA" (Asinado 19/10/2022)
- Documentación complementaria: Plano do Parque Eólico Arquivo Shape.

A documentación presentada polo promotor dispón dun anexo específico "ANEXO F – MEDIO SOCIOECONÓMICO Y TURÍSTICO", no que se describen os potenciais impactos sobre os elementos con valor turístico da zona e se establecen medidas preventivas, correctoras e compensatorias a desenvolver nas fases de construción e explotación.

En base a esta documentación emítese o presente informe, en relación coa posible incidencia do proxecto sobre os valores turísticos da zona, así como as medidas protectoras ou correctoras a adoptar para mitigar os posibles efectos adversos do mesmo.

TURISMO DE GALICIA
PRESIDENCIA DA XUNTA DE GALICIA
Estrada Santiago Noia, km 3 (A Barcia)
15897 Santiago de Compostela
turismo.gal





2 DESCRIPCIÓN DO PROXECTO

Proxéctase a construción dun parque eólico nos concellos de Cerceda e A Laracha (A Coruña) formado por 6 aerogeradores modelo V136 fabricado por Vestas, catro deles de 3,45 MW de potencia nominal e dous de 3,6MW. A potencia total que se prevé instalar no parque será de 21 MW

As coordenadas dos aerogeradores proxectados son as seguintes:

COORDENADAS AEROGERADORES UTM (ETRS89, Huso 29)				
Id	P Unitaria(MW)	X	Y	Concello
ME-01	3,6	542.024	4.784.182	A Laracha
ME-02	3,45	540.473	4.783.843	A Laracha
ME-03	3,6	540.847	4.783.279	Cerceda
ME-04	3,45	539.123	4.783.455	A Laracha
ME-05	3,45	539.850	4.782.935	Cerceda
ME-06	3,45	540.693	4.783.553	A Laracha

O proxecto inclúe a instalación dunha torre de medición permanente de 130 metros de altura e a construción dun centro de seccionamento.

O proxecto inclúe tamén a obra civil necesaria para a instalación dos aerogeradores (plataformas, cimentacións e unha zona de acopio de materiais durante a fase de obras), así como e a construción da subestación eléctrica, a instalación da torre meteorolóxica e a execución de gabias para o tendido dos fíos soterrados.

Dende o centro de seccionamento do parque evacuarase a enerxía xerada en 30 kV cara a subestación Meirama, mediante unha liña 30kV entre o CCS "PE Meirama Modificado" e a "SET Meirama". A liña comeza cun un tramo subterráneo de 0,020 km de lonxitude, chegando ao apoio de conversión aéreo-subterráneo nº01, desde onde, a través de 18 aliñacións e 39 apoios, chegarase ao apoio nº39 cunha lonxitude de 6,759 km realizando unha conversión aéreo-subterránea. Tras 0,539 km de tramo soterrado, iniciarase un novo tramo aéreo no apoio nº40 (conversión aéreo-subterránea) desde onde e a través de 12 aliñacións e 34 apoios, chegarase ao apoio nº73 cunha lonxitude de 5,197 Km. Desde o apoio nº 73 (conversión aéreo-subterránea), e a través dun tramo soterrado de 0,779 Km chegarase a Subestación "Meirama".

Xúntase ó ESI unha adenda ó mesmo para a avaliación da SET MEIRAMA 30/220 kV que proxéctase como complemento ás infraestruturas de Naturgy con número de expediente IN408A 2018/27.

3 DESCRIPCIÓN DA CONTORNA

O turismo é un sector estratéxico para o futuro de Galicia, fundamental no noso desenvolvemento social e económico e na xeración de emprego e benestar para as familias galegas.





O sector turístico da zona afectada baséase fundamentalmente nos valores naturais do entorno, as súas paisaxes e o patrimonio etnográfico, destacando as rutas e instalacións orientadas a un turismo activo, de natureza e aventura. Destaca a presenza de ríos que percorren a xeografía creando vales sinuosos onde se poden visitar muíños de auga ou practicar a pesca. O concello de Cerceda conta coa primeira concesión de pesca turística autorizada pola Xunta de Galicia, o Couto de Vilagudín, un pequeno encoro onde se pode pescar troita e salmón.

Trátase dun turismo sen masificar, de proximidade, que atrae fundamentalmente turistas nacionais para estancias curtas, con pequenos aloxamentos de turismo rural e que conta con grandes recursos ao aire libre vencellados á natureza, ao patrimonio cultural, e ás actividades de ocio ao aire libre.

Tanto A Laracha coma Cerceda son dos concellos cunha forte orientación industrial. Na contorna das infraestruturas proxectadas existen importantes centros industriais e comerciais, como a planta de reciclaxe de Sogama, a central térmica de Meirama ou o polígono industrial de Cerceda, e localízanse tamén numerosas instalacións de transporte de electricidade.

O principal efecto sobre o turismo da zona virá provocado pola afección da nova infraestrutura sobre os elementos de interese turístico próximos á mesma, debido principalmente ao posible impacto na paisaxe, nos elementos patrimoniais e nas actividades de ocio activo próximas, coma os sendeiros.

elementos patrimoniais e nas actividades de ocio activo próximas, coma os sendeiros.

3.1 Elementos de interese turístico na contorna do parque eólico

A unha distancia de 10 km das posicións do parque eólico e 3km da súa liña de evacuación localízanse os seguintes elementos de interese dende o punto de vista do patrimonio natural, cultural e paisaxístico:

3.1.1 Elementos de interese turístico: patrimonio natural e biodiversidade

A calidade do entorno natural, a súa diversidade e o valor dos recursos naturais son tres dos aspectos máis valorados na elección dun destino de turismo da natureza¹. Estudos realizados a escala da Unión Europea sinalan que o 21% dos turistas valoran a presenza de lugares da Rede Natura 2000 á hora de seleccionar os seus destinos².

As instalacións proxectadas non afecta directamente ningún espazo incluído na Rede Natura 2000.

¹ Secretaría General de Turismo, 2004. El turismo de naturaleza en España y su plan de impulso. Estudios de productos turísticos. Secretaría General de Turismo, Ministerio de Industria, Turismo y Comercio, Madrid.

² Bio Intelligence Service (2011), Estimating the economic value of the benefits provided by the tourism/recreation and Employment supported by Natura 2000, Final report prepared for European Commission-DG Environment.





A menos de 10 km sitúanse:

- Límite da ZEC Río Anllóns, situada a uns 9,8km ó oeste do aeroxerador máis próximo.
- Espazo Natural de Interese Local: Río Abelleira, a uns 9,1 km ó leste do parque eólico e 3,5km da traza aérea da liña.

Parte do tramo final da liña, que discorre subterráneo, está dentro da Reserva da biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo.

A totalidade do parque sitúase sobre terreos situados dentro do Plan de Protección da Escríbenta das Canaveiras.

3.1.2 Elementos de interese turístico: patrimonio cultural e etnográfico

O Visor de Turismo de Galicia recolle os seguintes puntos de interese turístico cultural e de actividades de lecer a menos de 10 km das posicións do parque: e 3 km da traza da liña de evacuación:

Denominación	Concello
CAPELA DE SAN ROQUE E SAN ANTONIO	A Laracha
FONTE DO SANTUARIO DE SANTA MARGARIDA	A Laracha
GABENLLE	A Laracha
IGREXA PARROQUIAL DE SANTIAGO DE VILAÑO	A Laracha
MOSTEIRO DE SAN PEDRO DE SOANDRES	A Laracha
MUÍÑOS DO PASEO FLUVIAL DO RÍO ANLLÓNS	A Laracha
REITORAL DE SAN PEDRO DE SOANDRES	A Laracha
SANTA MARTA	A Laracha
SANTUARIO DE SANTA MARGARIDA DE MONTEMAIOR	A Laracha
TORRE DE CILLOBRE	A Laracha
IGREXA DE SAN ESTEVO DE MORÁS	Arteixo
IGREXA DE SANTA MARÍA DE LAÑAS	Arteixo
IGREXA DE SANTA MARÍA DE LOUREDA	Arteixo
MONTE DE SANTA LOCAIA	Arteixo
OS BARREIROS	Arteixo
PAZO DE ANZOBRE	Arteixo
PAZO DE ATÍN	Arteixo
PAZO DE MOSENDE	Arteixo
RECTORAL DE LOUREDA	Arteixo
ÁREA RECREATIVA DE TARAMBOLO	Carballo
CRUCEIRO DA IGREXA PARROQUIAL DE SAN SALVADOR DE SOFÁN	Carballo
ÁREA RECREATIVA MONTE XALO	Carral
CAPELA DE SAN PEDRO DE RUBIEIRO	Carral
CONXUNTO ETNOGRÁFICO MUÍÑOS DE COSTA DA ÉGOA	Carral
FONTE MEDICINAL DE SUMIO	Carral
IGREXA PARROQUIAL DE SAN PEDRO	Carral
IGREXA PARROQUIAL DE SANTIAGO	Carral
IGREXA PARROQUIAL DE SANTO ESTEVO	Carral





PAZO DA RIBEIRA	Carral
PAZO DE QUEMBRE	Carral
PAZO DE VILASUSO	Carral
ÁREA RECREATIVA DO ADRO DE RODÍS	Cerceda
CAPELA DE SAN ANTÓN	Cerceda
CAPELA DO ESPÍRITU SANTO DA SILVA	Cerceda
CASA DO ALTO	Cerceda
CASAL DO IGRESARIO	Cerceda
ECOMUSEO DE CERCEDA	Cerceda
IGREXA PARROQUIAL DE SAN MARTIÑO DE CERCEDA	Cerceda
IGREXA PARROQUIAL DE SAN MARTIÑO DE RODÍS	Cerceda
IGREXA PARROQUIAL DE SAN ROMÁN DE AS ENCROBAS	Cerceda
IGREXA PARROQUIAL DE SANTA COMBA DA XESTEDA	Cerceda
IGREXA PARROQUIAL DE SANTA MARÍA DE QUEIXAS	Cerceda
IGREXA PARROQUIAL DE SANTO ANDRÉ DE MEIRAMA	Cerceda
MIRADOIRO SOBRE A MINA EN MEIRAMA	Cerceda
MUSEO DO MOUCHO	Cerceda
PARQUE DE CERCEDA	Cerceda
PAZO DE LAVANDEIRAS	Cerceda
IGREXA DE SAN SALVADOR DE ORRO	Culleredo
IGREXA DE SANTA MARÍA DE CELAS	Culleredo
MUSEO ETNOGRÁFICO "TORRE DE CELAS"	Culleredo
TORRE DE CELAS	Culleredo
IGREXA PARROQUIAL DE SANTA MARÍA DE BARDAOS	Tordoia
MORDÓN	Tordoia

Nesta contorna de 10 km atópanse os seguintes **Bens de Interese Cultural (BIC)**:

- Torres de Viso (A Laracha), a uns 5,5 km ó oeste do parque eólico.
- Torre de Boedo (Cerceda), a 2 km ó sur da iña de evacuación.
- Torre de Celas (Culleredo), a 7,5km ó nordeste do parque eólico.

Neste entorno, o Plan Básico Autonómico recolle 375 elementos de patrimonio inventariados, entre os que destaca o patrimonio etnográfico e arquitectónico, coma hórreos, casas e pazos, con numerosas construcións de orixe relixioso, coma igrexas, capelas e cruceiros. Tamén se observa unha significativa presenza de xacementos arqueolóxicos e estruturas megalíticas, coma mámoas e medorras.

3.1.2.1 Camiño de Santiago:

A traza máis próxima ás infraestruturas proxectadas é o Camiño Inglés, que discorre a uns 4 km ó leste da subestación e a 11 km do aeroxerador máis próximo.





3.1.3 Elementos de interese turístico: paisaxe

No entorno do parque eólico e da liña de evacuación atopamos os seguintes elementos de interese paisaxístico:

3.1.3.1 *Áreas de Especial Interese Paisaxístico (AEIP)*

- AEIP Monte do Xalo (AEIP_10_09), a uns 4 km ao nordeste do parque.
- AEIP Ribeira da Pena (AEIP_09_09), a uns 7,3 km ao suroeste.

3.1.3.2 *Miradoiros*

Os miradoiros situados na contorna analizada son:

- Miradoiro sobre a Mina en Meirama, a unha distancia aproximada de 3,3 km da posición máis próxima e a 2,2 km da liña.
- Miradoiro de Santa Marta, a uns 3,3 km de distancia.
- Miradoiro do Monte Xalo, a uns 6,6 km de distancia das instalacións proxectadas.
- Miradoiro do Monte de Santa Locaia, a 7 km ó norte do aeroxerador máis próximo.

3.1.3.3 *Rutas de sendeirismo e cicloturísticas e itinerarios paisaxísticos:*

- Itinerario Natural NAT028 Roteiro de Xalo e os Sete Regos (Pereiro de Arriba-Pereiro de Arriba)
- Sendeiro PR-G 131 Cerceda – Portobrea, que cruza a traza aérea da liña de evacuación.
- Sendeiro PR-G 130 Meirama - Xalo – Meirama
- Sendeiro PR-G 101 Roteiro Mariñán Costa da Égoa
- Sendeiro PR-G 129 SENDA RODIS – XESTEDA
- IET_Ruta Cicloturista circular de Ordes polo Monte Xalo, que atravesa a traza da liña.
- IET_Ruta Cicloturista Integral do Concello Ordes, cun tramo situado a uns 170 metros da subestación proxectada.
- IET_Ruta Cicloturista circular de Ordes por Vilacova, a uns 2,5 km ó leste da liña.
- IET_Ruta Cicloturista circular de Ordes polo alto da Cerdeira, a 1,4km ó oeste da liña de evacuación.
- IET_Ruta Cicloturista circular de Ordes por Cabaleiros, a uns 6 km ó sur da liña.

3.2 **Establecementos turísticos**

No visor da Axencia de Turismo de Galicia (www.turismo.gal), nun radio de 10 km, atópanse os seguintes establecementos turísticos:

Nome establecemento	Concello
A.B.C.	A Laracha
HOSTAL CERQUEIRO	A Laracha
O ESTANCO	A Laracha
A SOLAINA	Arteixo
AS MAROAS	Carballo





CASA DA PAIOCA	Carral
COSTA DA EGOA	Carral
HOSPEDAJE PRIMO I, S.L.	Cerceda
CASA VICTORIA	Culleredo

O máis próximo ó parque eólico é o Hospedaje Primo I, situado en Cerceda. O resto sitúase a máis de 6,5 km das posicións do parque e a máis de 3km de distancia da liña.

3.3 Outros puntos de interese

Ademais dos puntos antes sinalados, localizáronse nas inmediacións do parque outros elementos de interese turístico como:

- Área recreativa de Gabenlle ata a Ponte de Formigueiros (A Laracha)
- Área de Autocaravanas A Laracha-O Regado
- Área de Autocaravanas E.S. REPSOL-Ledoño (Culleredo)
- Motopark Cerceda
- Aquapark Cerceda
- Centro de Turismo Ecuestre o Ventoso
- Praia e Lago das Encrobas
- Club de Golf Hércules
- Casa Molino (Cerceda)

3.4 Presenza doutros parques eólicos

Outro factor determinante á hora de avaliar o impacto que a execución destas instalacións podería xerar sobre a contorna é a presenza de máis aeroxeradores nos arredores, posto que a asociación de máis dun parque eólico podería dar lugar á aparición de efectos sinérxicos e acumulativos.

Segundo consta no Rexistro Eólico de Galicia, actualmente nun radio de 10 km arredor do parque eólico localízanse posicións de 3 parques eólicos autorizados ou en funcionamento (Cerceda, O Picoto e Pena Galluda) e varios parques en diferentes etapas de tramitación: As Encrobas, Carboeiro, Coto Loureiro, Monte Inxeiro, Pedra Queimada, Monte San Bartolomé, Pena Galluda e Teixos). O máis próximo, Coto Loureiro, sitúase só a uns 550 m das posicións de Meirama 76.

4. ANÁLISE DA DOCUMENTACIÓN APORTADA, DOS EFECTOS DO PROXECTO SOBRE O TURISMO E DAS MEDIDAS PROTECTORAS E CORRECTORAS PROPOSTAS

A documentación facilitada para a avaliación do impacto turístico inclúe o Estudo de Impacto Ambiental (EIA) do proxecto e unha adenda na que se analiza, de forma complementaria, o impacto da LEMT 30kV





O EIA inclúe un estudo de impacto turístico específico (*Anexo F-Medio socioeconómico y turístico*).

O estudo identifica os principais puntos de interese do entorno do parque e a liña, e a súa distancia ás infraestruturas proxectadas.

O EsIA conta cun *Anexo D-Estudio de Impacto e integración paisajística*, que describe as afeccións sobre a paisaxe dos elementos proxectados. Polo que respecta ós puntos de interese turístico identificados sinala que:

- Os aeroxeradores serán visibles no 31,9% da AEIP Monte Xalo e o 4,1% da AEIP Ribeira da Pena.
- O parque será visible dende todos os sendeiros situados a menos de 10 km, e tamén terá unha visibilidade importante noutros máis alonxados, como é o caso do Dolmen de Cabaleiros. Os máis afectados serán os de Cerceda-Portobrea e Meirama-Xalo-Meirama, con visibilidade en máis do 80% do percorrido.
- A liña aérea será visible dende os sendeiros de Cerceda-Pontebrea, Roteiro Mariñan Costa da Égoa e Senda Rodís Xesteda.
- Non se analiza a visibilidade nas rutas cicloturísticas.
- O parque eólico será visible dende os establecementos hoteleiros Hospedaje Primo I (serán visibles 2 posicións e a liña de evacuación), O Estanco (6 posicións), A solaina (6), ABC (5) e Hotel Cerqueiro (6). Tamén terán visibilidade outros establecementos situados a máis de 10 km de distancia.

O citado estudo inclúe infografías dende, entre outros, dos miradoiros máis próximos e o BIC Torre de Boedo.

No *Anexo E- Estudio de predicción acústica* preséntase os resultados da modelización acústica realizada. De acordo á distribución das isófonas, o estudo conclúe que todos os establecementos hoteleiros estarían por debaixo do limiar máximo, ó situarse a máis de 2,3 km do aeroxerador máis próximo.

Outro elemento que podería afectar ós establecementos próximos é o efecto de parpadeo por sombras. De acordo ó *Anexo G-Análisis de efecto parpadeo* non existen aloxamentos turísticos en el radio de afección por efecto parpadeo.

Non se realiza unha avaliación do posible efecto sinérxico sobre o turismo derivado da presenza doutros parques eólicos.

O anexo inclúe unha serie de medidas preventivas e correctoras, destinadas basicamente á redución do impacto sobre a paisaxe, e unhas medidas compensatorias sobre o turismo:

- Colaboración con aloxamentos turísticos, centros educativos para proporcionar información ambiental para promover valores turísticos, así como a realización de visitas guiadas ao parque eólico.
- Aceptación de presentación de oferta para aloxamento do persoal que realiza os traballos no parque eólico nos aloxamentos turísticos da zona.





O Plan de Vixilancia Ambiental inclúe, entre outras actuacións, un control da evolución do turismo antes e despois da implantación do parque eólico, sempre que se dispoña de datos facilitados pola administración competente.

Non se analiza o posible efecto sinérxico sobre o turismo das instalacións existentes e previstas na contorna.

5. CONCLUSIÓN

Revisada a documentación presentada en relación ao Estudo de Impacto Ambiental Parque Eólico Meirama 76 e a liña 30kV entre o CCS "PE Meirama Modificado" e a "SET Meirama", nos concellos de A Laracha e Cerceda (A Coruña), en relación co potencial impacto turístico que podería ocasionar, conclúese que, en xeral, o impacto sería de baixa magnitude, tanto na fase de obras coma na fase de funcionamento.

Non obstante, deberán terse en conta unha serie de consideracións para minimizar o impacto do proxecto sobre os valores turísticos da zona:

1. A infraestrutura proxectada será visible dende varios puntos de interese turístico, entre eles as rutas de sendeirismo de Cerceda-Portobrea, Meirama-Xalo-Meirama, Roteiro Mariñan Costa da Égoa e Senda Rodís Xesteda, ademáis de varias rutas ciclo turísticas de interese paisaxístico que vense directamente afectadas pola liña aérea.
2. Posto que o principal efecto negativo da infraestrutura é a súa afección sobre a paisaxe, o promotor deberá establecer medidas específicas para reducir a visibilidade da mesma dende os elementos antes sinalados, sempre que sexa posible. A selección destes puntos baséase nos estudos teóricos aportados polo promotor, non obstante, dadas as limitacións da técnica empregada, se unha vez instalados os aeroxeradores, a liña e a subestación se detectasen novas incidencias que afectasen ao interese turístico dalgún enclave, aplicaráselle as mesmas medidas que se definen a continuación.

Dentro destas medidas pode valorarse a creación de pantallas vexetais con árbores autóctonos naqueles tramos dos itinerarios afectados ou puntos nos que a visibilidade das novas infraestruturas resulte especialmente impactante unha vez instalados os aeroxeradores.

No deseño destas medidas terase en conta tamén o posible efecto sinérxico con outros parques existentes ou en tramitación, de forma que minimicen o máximo impacto posible.

No caso de establecementos hoteleiros directamente afectados pola visibilidade do parque eólico, e sempre que a perda de calidade visual estea a supoñer unha diminución do seu atractivo turístico, o promotor deberá propor medidas de ocultación puntual, como poden ser as pantallas vexetais, que se instalarán sempre que resulten tecnicamente viables e se conte coa aprobación dos propietarios.





Cando non resulte viable establecer medidas para eliminar ou reducir o impacto esperado, o promotor definirá medidas compensatorias destinadas ao fomento do turismo sustentable na zona, coma pode ser o establecemento de rutas interpretativas dos valores naturais e etnográficos, rutas megalíticas, a mellora da sinalización dos elementos patrimoniais afectados, ou a promoción de actividades de carácter cultural e deportivo nos concellos afectados.

As medidas serán específicas para os impactos localizados, terán unha afección clara no turismo da zona ou en variables que afectan ao mesmo, e serán coherentes coas establecidas para a protección do patrimonio, da paisaxe e outros valores naturais e patrimoniais do entorno do parque eólico.

3. As obras de instalación realizaranse no menor tempo posible para minimizar a súa afección sobre os bens turísticos, e evitando a súa coincidencia con festas e actividades socio-culturais de importancia que se realicen na contorna.

A localización das instalacións auxiliares de obra e as zonas de provisión, almacenamento e aparcamento manteranse afastadas respecto elementos de interese turístico (roteiros, establecementos hostaleiros, instalacións deportivas, etc.) de forma que se limite as afeccións derivadas de cambios na paisaxe, ruídos, emisións, etc derivadas destas.

Evitarase o paso de vehículos e maquinaria nas proximidades dos puntos de interese turísticos identificados. Nos casos nos que sexa necesario circular nas proximidades dalgún dos elementos sinalados, estableceranse limitacións na velocidade de maquinaria e vehículos e nos horarios de circulación de camiões e o número máximo de unidades mobilizadas por hora, evitando a realización de obras ou movementos de maquinaria fose do período diúrno (23h - 07h), en períodos de descanso e fins de semana e festivos, datas nas que é previsible que se produza unha maior demanda de servizos turísticos na zona.

No caso de que as obras afecten directamente a roteiros e carreiros, estableceranse as medidas necesarias para mantelas abertas e facilitar o paso seguro aos usuarios das mesmas. Se resulta imprescindible o corte destes itinerarios, o corte terá a menor duración posible e será informado coa suficiente antelación, sinalizándose no propio camiño polo menos unha semana antes de producirse. Se o corte debe prolongarse máis dunha xornada, establecerase un paso alternativo.

No caso de que os traballos realizados alterasen o firme, cunetas ou calquera outro elemento dos roteiros afectados, procederase de forma inmediata á súa restauración, recuperando por completo a situación anterior.

4. O promotor deberá incorporar ao Plan de Vixilancia actuacións específicas de supervisión periódica da posible afección da infraestrutura no sector turístico:
 - Realizaranse medicións dos niveis acústicos na contorna dos establecementos hoteleiros situados a menos de 2 quilómetros dos aeroxeradores do parque eólico. Estes controis realizaranse, polo menos, cunha periodicidade trimestral durante os dous primeiros anos de





funcionamento do parque eólico e semestral durante o terceiro ano. No caso de que a campaña de medidas mostre valores superiores aos permitidos pola normativa vixente, estableceranse as medidas necesarias para garantir que se cumpran os niveis máximos permitidos.

- Así mesmo, transcorrido un ano dende a posta en marcha do parque eólico, realizarase unha simulación mediante software específico das horas de parpadeo de sombras recibidas nos establecementos hoteleiros situados a menos de 10 veces o diámetro de rotor dos aeroxeradores. Esta análise levarase a cabo aplicando as horas reais de funcionamento do parque eólico e os datos meteorolóxicos do ano en estudo. Para completar esta análise, simularase tamén o efecto conxunto con outros parques eólicos en funcionamento. De superarse os valores tomados como referencia, 8 horas/ano no caso "real" (Dirección Xeral de Saúde Pública, 2022), estableceranse as medidas correctoras necesarias para evitar molestias aos hóspedes destes establecementos, como pode ser a colocación de pantallas vexetais ou a parada dos aeroxeradores implicados na franxa horaria e época do ano na que se produce este efecto. Este estudo realizarase unha vez ao ano durante os 3 primeiros anos de funcionamento do parque eólico e sempre que entre en funcionamento un novo parque eólico que poida xerar un efecto sinérxico ou acumulativo co parque eólico proxectado.
- Vixiarase o cumprimento dos plans de poda e mantemento da vexetación baixo o voo da liña, especialmente no entorno das rutas turísticas e o resto dos elementos de interese turística próximos á traza, durante a fase de explotación, garantindo en todo momento que estas labores non se estendan máis alá do estritamente necesario.

5. Non obstante ó anterior, estas medidas non será necesario sometelas a novo informe da Axencia de Turismo de Galicia.

Santiago de Compostela, asinado por sinatura electrónica á marxe por Luís Gestal Ernau, xefe da Área de Obras e Mantemento

